



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a trinta de outubro de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARÍA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

NON ASISTE:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor da Corporación D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 25 de setembro de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 25 de setembro de 2025, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION PUNTUAL Nº 1 (NON SUBSTANCIAL) PXOM.

Expediente de aprobación inicial da modificación puntual nº 1 (non substancial) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ordes: Regulación dos equipamentos en solo urbano (**Expdte. 202/U032/000003**).

Visto o disposto no art. 83.5 e 6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro e arts. 16 a 18 da Lei 1/2019, de 22 de abril.

Visto o informe, de data 16/10/2025, da Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade sobre a tramitación ambiental da modificación puntual núm.1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ordes. Regulación dos equipamentos en solo urbano, Expediente: 2025aae3043.

Vistos os informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da modificación do plan coa lexislación vixente.

Visto o ditame favorable, de data 24/10/2025, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que vista a extensión de documentación que ten o PXOM entenden que vaian aparecendo este tipo de erros. Polo tanto, non van a opoñerse á modificación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste punto preténdese modificar o artigo 5.7.10, condicións doutros equipamentos do PXOM, co obxectivo de corrixir a regulación da edificabilidade das parcelas de equipamento en solo urbano. Dado que se trata dunha modificación que afecta a parcelas públicas para dotación de equipamento –residencia, escola infantil, local social, centro de día, ...etc.–, entendemos que non responde a intereses particulares, senón ao interese xeral. Polo tanto, non van a opoñerse a esta modificación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lamenta que este erro estivese presente nun documento tan extenso como o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ten que indicar que en varias ocasións isto xa fora tratado co equipo redactor. Confiaba plenamente en que esta cuestión estivese incluída, dadas as parcelas de equipamento que van en solo urbano dentro do termo municipal. Pero, ao final, analizando polo miúdo a normativa por parte da nosa arquitecta municipal, viuse que non e, por iso, procede agora adaptala para que non haxa ningún tipo de complicación, nin nas parcelas xa existentes, nin nas vacantes edificación nas que se queira actuar sobre elas. Agradece, polo tanto, a aportación positiva dos grupos para que isto se poida tramitar inicialmente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de once nove votos a favor (9 grupo político PP) coas abstencións (5 grupo político BNG, 2 grupo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 1 (non substancial) do PXOM de Ordes.

2º. Someter a modificación puntual do plan aprobada inicialmente, con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, a un trámite de información pública durante un prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

3º. Simultaneamente, solicitaranse os informes sectoriais necesarios e trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

4. SOLICITUDE DEPUTACIÓN PROVINCIAL SUBVENCIÓN NOMINATIVA.

Visto que polos servizos técnicos municipais redactouse o proxecto técnico das obras: **REPOSICIÓN DE BEIRRARRÚAS RÚA LGARTOS E RÚA PARAÍSO, ORDES**, cun orzamento base de licitación de **359.992,81 €**.

Visto que estas obras teñen por obxecto a reposición e mellora das beirrarrúas de dúas rúas da Vila de Ordes, a mellora do seu pavimento actual, desgastado polo uso do mesmo polo paso do tempo, así como a mellora da súa accesibilidade coa eliminación de varios puntos onde se producían estreitamentos importantes das mesmas.

Visto que as melloras proxectadas na rúa dos Lagartos e na rúa Paraíso facilitarán un mellor acceso aos centros educativos e instalacións deportivas existentes na súa contorna: CEIP Castelao, IES Ordes e os pavillóns polideportivos Castelao I e Castelao II. Tamén suporán unha mellora na mobilidade de persoas con discapacidade ou necesidades especiais, creando así uns entornos mais inclusivos.

Visto que as obras incluídas neste proxecto non foron incluídas no Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de Competencia Municipal da Deputación Provincial da Coruña (POS+ 2025), que de acordo coa enquisa de infraestruturas e equipamentos locais se destina a atender servizos municipais de prestación obrigatoria segundo o art. 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), e en concreto, o acceso aos núcleos de poboación e pavimentación da vías públicas. A rede viaria municipal está composta por 265,88 qm de camiños asfaltados e de 458,02 qm sen asfaltar, o seu mantemento e conservación en condicións óptimas so pode atenderse con cargo á subvención que se aproba anualmente pola participación no POS+ da Deputación Provincial. O mesmo acontece coa execución das obras necesarias para a prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable ou sumidoiros.

Visto que atendendo á capacidade económica do concello, a porcentaxe dos ingresos municipais que poden destinarse á financiación de investimentos en novas infraestruturas e bens destinados ao uso xeral ou de reposición das existentes, o concello de Ordes non pode atender con cargo aos seus recursos propios o financiamento da totalidade do custe de execución destas obras de mellora de dúas rúas municipais, co que é necesario solicitar a colaboración económica doutas administracións públicas no marco do principio de colaboración que rexe as relacións entre as administracións públicas en xeral, e no caso da Deputación Provincial, no marco das competencias propias de asistencia e cooperación económica aos municipios (art. 36.1.b Lei 7/1985, de 2 de abril).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto o ditame favorable, de data 24/10/2025, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que na zona do Paraíso é moi necesaria a actualización das beirarrúas. Continuamente traen preguntas e rogos solicitándolle o mesmo. Sería actuar en contra dos nosos intereses non votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a obra ten un custe total de 360.000 euros, dos cales se solicita unha subvención nominativa do 80 % do custe, que veñen sendo sobre uns 288.000 euros, asumindo o concello o 20 % restante 72.000 euros. Segundo o proxecto o que se pretende é substituír unhas lousas por outras novas cun bordo de cantería tipo de calquera outra rúa, tipo rúa Alfonso Senra. No resto do mundo a tendencia é incorporar vexetación e árbores que mitiguen o efecto da illa de calor, dispor de pavimentos máis permeables que eviten a acumulación de pluviais nas rúas, crear un ornato máis axeitado. Aquí, o alcalde de Ordes e o seu equipo de goberno seguen ancorados nas vellas e caducas fórmulas do pasado. Para o BNG non ten sentido investir 360.000 euros simplemente en cambiar as lousas dunha beirarrúa, practicamente sen incorporar máis novidades ca reducir a antigüidade dos materiais que a compoñen, existindo outras moitas prioridades que atender. Polo tanto, van absterse neste punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta cuestión que plantexa xa lla contestaron en moitísimas ocasións. Segue coa mesma retaiña, está no seu dereito. Teñen rúas en Ordes, en moitos casos, de 10, 11 ou 12 metros de ancho, como sucede nestas das que estamos a tratar, nas que están os servizos debaixo. Meter zonas con vexetación con arborado é contraproducente para todos e cada un destes servizos. Isto é o que informan sempre os técnicos en todas e cada unha destas ocasións. Se tiveramos rúas con anchos de 16 ou 18 metros, como hai nas cidades ou en rúas de nova creación plantexadas no Plan Xeral con máis amplitude, lóxicamente claro que procede facer todas e cada unha destas actuacións. Está no seu dereito de propoñelo, pero non lle parece xustificación para negarse a algo que é necesario e importante, a maiores están a falar dunha actuación na que o 60 % da inversión vai nunha estrada de titularidade da Deputación Provincial. Xa debería ser a Deputación Provincial á que lle temos mandado múltiples peticións deste Pleno para arranxar e adaptar a accesibilidade neste tramo. Teñen que ser todos conscientes e consecuentes do que están a falar. Non poden meter ese tipo de ornato que está a pretender e cantidade de elementos que o único que farían e danar todas e cada unha das canalizacións públicas e en moitos casos tamén privadas que dan servizo a todos e cada un deses domicilios polo simple feito de que o considera axeitado. Non hai espazo suficiente nin material. Ai hai un problema que choca con quen despois redacta estes proxectos que ten que cumprir coa normativa das redes de servizos. Todos queren estes servizos que se poden ver afectados nun corto espazo de tempo ía ser un erro. É necesario adaptar a accesibilidade nos pasos de peóns, gañar o ancho de beirarrúa necesario, como punto de comunicación para as persoas que van ao colexio e pavillón. Están no seu dereito como o resto dos concellos da provincia en solicitar unha subvención nominativa para que se lles teña en conta. Non quere dicir que lla vaian a dar, a están a solicitar. Corresponde á Deputación apreciar a procedencia da súa concesión. Vostedes do partido socialista no seu momento fixeron peticións relativas a isto pide que os axuden, para que nos teñan en conta por parte dos compañeiros da Deputación, agarda o mesmo do BNG. Hai que atender ao que din os técnicos que redactan os proxectos, que son os que poñen aquí a súa sinatura.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Deputación Provincial a concesión dunha subvención nominativa para a execución do proxecto: **REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS RÚA LAGARTOS E RÚA PARAÍSO, ORDES**, cun orzamento base de licitación de **359.992,81 €**, segundo o seguinte coeficiente de financiación:

Deputación Provincial (80%)	Concello de Ordes (20%)
287.994,25 €	71.998,56

2º.- Aprobar o proxecto técnico das obras: Reposición de beirarrúas rúa Lagartos e rúa Paraíso, Ordes, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., cun orzamento base de licitación de 359.992,81 €.

3º.- Dar traslado do presenta acordo á Deputación Provincial.

5. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 11.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes (**Expdte. 2025/G016/000001**).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/10/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que manifestan o voto en contra da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos cando se pretende rebaixar o seu importe en función do tipo de núcleo de poboación. Segundo o artigo 14 da Constitución española e o principio de igualdade tributaria existen que a supostos iguais se lle dea un trato tributario igual, polo tanto o uso privativo e exclusivo do dominio público local é idéntico en calquera núcleo do municipio polo que non é admisible establecer tarifas distintas baseadas única e exclusivamente na ubicación xeográfica. A falta de xustificación obxectiva e vulnerando o art. 24 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais que esixe que as taxas garden relación co custe real ou previsible do servizo ou uso do dominio público e con criterios obxectivos, proporcionais e nominativos. Non existe unha memoria económica financeira que acredite que o custe do servizo ou mantemento será distinto segundo a ubicación. O informe económico financeiro ten en conta datos obtidos por estimación xa que non se ten ningún dato real en canto ao Mesón do Vento e tense en conta so as valoracións feitas pola Atriga. Teñen que estimarse todas as propiedades da periferia de Ordes para comprobar se a súa valoración está máis aproximada á valoración do Mesón do Vento ou á do centro do pobo. Non so ter en conta os valores medios ou estatísticos. Esta medida sería máis xusta e equitativa se tamén se fixese para a periferia do núcleo urbano de Ordes, como Reboredo, Paraíso, Ceidón, As Casillas ou extrapolar a taxa proposta para o Mesón do Vento ao resto do Municipio. Votarían a favor se non so se ten en conta ao Mesón do Vento. Se os núcleos circundantes ao núcleo urbano van a pagar o mesmo estarían a favor. Facer unha tarifa so para o Mesón do Vento están en contra.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que grava a ordenanza é a entrada e saída de vehículos nos cascos urbanos de Ordes e Mesón do Vento. Todos os núcleos dos que está a falar están fora do casco urbano. Se hai que analizar se hai que poñer unha tarifa en todos os solos de núcleo rural, de momento este grupo de goberno, non estarían dispostos. É unha cuestión que está fora do ámbito desta ordenanza. Respecta o que acaba de dicir, é unha cuestión a analizar, de impor máis tributos aos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se pretende aplicar unha tarifa reducida ao Mesón do Vento. Antes pagaban como en Ordes, as taxas de Ordes permanecen invariables. Lamentan que o goberno municipal non aproveite esta ocasión para introducir a figura das pasaxes con horario limitado. Por exemplo, vaos en días laborais con horario de 8 da mañá a 10 da noite, ou vaos nocturnos con horario de 9 da noite a 9 da mañá. Esta figura introdúcese cunha taxa máis reducida que os vados permanentes, ofertando á veciñanza novas alternativas para cubrir as súas necesidades reais, cunha tarifa quizais máis xuta. Esta figura non é algo que se inventen, é algo que se está a aplicar en concellos como Carballo, Arteixo e que entenden que tamén debера recoller o concello de Ordes. Van a votar a favor desta modificación porque supón unha rebaixa para o casco urbano de Mesón do Vento, pero queren que o goberno municipal valore a posibilidade de introducir esta figura que consideran moi positiva para a veciñanza, para diversificar os casos e conseguir unha tributación máis xusta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se admite o que se está a plantexar, pero en ningún momento se analizou nunha comisión informativa, é algo que se acaba de comunicar aquí como novo. Cando anunciou aquí que antes de rematar o ano ía traer unha proposta de reducir a tarifa do Mesón do Vento é o que hoxe se trae aquí. Analizarase dende o punto de vista económico e como se pode plasmar. No plan normativo 2026 incluírase a modificación de ordenanzas fiscais, non hai problema en que se analice esta cuestión ou outras que poidan ir xurdindo ao longo do ano. Agora para que poida entrar en vigor no ano 2026 é totalmente inviable.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG) dous votos en contra (grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobado provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes. (tarifa 1ª, cota tributaria, artigo 6), cuxo texto modificado figura na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

6. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS Nº 18 e Nº 19.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Expediente de modificación das ordenanzas fiscais nº 18, reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable, e nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros. **(Expdte. 2025/G016/000002).**

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/10/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que sempre traen rogos pedindo que cando se fan zanzas Espina y Delfín tarda moito en amañalas. Xa que se vai a incrementar as tarifas tamén que melloren o servizo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aínda que é certo que o incremento do IPC ven imposta polo contrato recibiron estes días moitas queixas da veciñanza por que coa chegada das choivas novamente atopáronse que a auga que sae das billas das súas casas ven avolta. Hoxe traemos un rogo facendo constar este problema. Está moi ben subir as tarifas, a existencia deste tipo de problemas recorrentes e que non se producen noutras vilas da contorna non é de recibo, máxime cando estamos a pagar polo servizo. Na comisión informativa votaron favorablemente, o fixeron na parte técnico-económica por tratarse dunha modificación imposta polo contrato. Máis van a votar en contra na parte política que corresponde ao Pleno, para denunciar esta situación que está a padecer a veciñanza con respecto ao servizo e a apremiar a que se resolva canto antes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos comparten esas problemáticas que se poden dar, moitas delas puntuais, outras que son recorrentes. Fala de maneira xenérica. A extensión da rede de abastecemento a día de hoxe está moi ampliada no termo municipal, falta moito para completar e chegar a todas e cada unha das parroquias. No casco urbano, onde se están a dar esas incidencias, xa o está. Teñen unha explicación polo que lle traslada a conceisonaria. Recordarlle que gracias a unha labor importante de inversións en múltiples rúas onde se puido cambiar as inversións de fibrocemento por outro tipo de tubaxes novas, moitas das incidencias que se viñan dando anos atrás xa non se están dando afortunadamente. Trátase de cumprir o contrato, o non cumprimento suporía unha penalidade para os impostos directos

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), 5 votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e a modificación da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria), cuxos textos modificados figuran na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

7. APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos (**Expdte. 2025/X999/000281**).

Vista a relación de gastos realizados, correspondentes a obras realizadas para este Concello, por un importe total de 339.056,75 euros, sen existir dotación orzamentaria específica.

Vistas as causas que xeraron o expediente, así como que as prestacións se executaron de conformidade coas condicións previamente establecidas e a prezo de mercado.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/10/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que este é un expediente extraordinario, non acoden de xeito normal con estes expedientes ao pleno. Votan en falta que sempre son obras para cemento e pouco máis, cando todas estas obras deberían estar incluídas nos orzamentos. Salvo cuestións puntuais esperan que non sexa algo recorrente a partir de agora.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste expediente o alcalde viuse forzado a levantar un reparo formulado pola intervención. No informe fálase de ausencia total e absoluta de procedemento, contratación verbal e carencia absoluta de crédito. Detectando ademais infraccións do ordenamento xurídico que constitúen unha infracción administrativa moi grave en materia de xestión económico-orzamentaria. Desde o BNG entende que este xeito de operar por parte do alcalde, que semella que a estas alturas xa perdeu o medo e pensa que pode facer absolutamente o que lle dea a gana, resulta irresponsable e totalmente impropia na xestión de fondos públicos. Van poñer un exemplo para que se entenda a magnitude da gravidade dos feitos, realización de gastos sen solicitar previamente un presuposto para facer as obras oportunos e logo pagar a factura que lle pasen. Ti vai facendo e logo xa amañaremos. Na administración pública débense aplicar os procedementos fixados na lei de contratos do sector público, velando pola concorrencia competitiva, igualdade de oportunidades e someterse á fiscalización da intervención municipal. O alcalde saltouse olímpicamente todos estes principios e obrigas que fixa a lei. Damos por suposto no BNG que o alcalde pensa que os cartos da veciñanza son seus e que pode facer con eles o que lle pete cando non é así. Isto é gravísimo. Estamos a falar dunha grave imprudencia do alcalde que pon en risco mesmo o pago das propias empresas que executan os traballos, tendo que recorrer neste pleno a levantar os reparos impostos pola intervención municipal a este nefasto xeito de proceder. Por si fora pouco a situación revela a total improvisación do goberno municipal cando aproba uns orzamentos a mediados de ano e poucos meses despois atópase cunha carencia absoluta de crédito para afrontar o pago destas obras irregularmente contratadas que no seu conxunto supoñen 340 mil euros. Non é algo puntual ou un despiste afecta a 20 obras executadas mediante contratos verbais



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todo o que acaba de dicir é certo, parece que o Alcalde de Ordes é o único que se ve obrigado a chegar a esta situación. É certo que fai pouco aprobamos uns orzamentos, é increíble que a día de hoxe teñamos que seguir limitados polas regras fiscais e que teñamos cartos no banco e que non os poidamos aproveitar. Non van a pedir un préstamo o facer unha cousa irregular máis ala de que contablemente de que non exista a partida orzamentaria por que estamos limitados por normas que o Estado non se atreve a modificar a pesar de que todos os grupos políticos. Vai a poñerlle múltiples exemplos. Imaxina que pensará exactamente igual de moitos dos seus compañeiros que son alcaldes. Notas de prensa, Ames aproba en pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 570.000 euros. Aprobado en Cerceda un recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 109.000 euros. Carballo aproba o segundo recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 68.000 euros. Carballo recoñece facturas pendentes por importe de 871.000 euros. Foz recoñecemento extraxudicial tamén por máis de 800.000 euros. De algunha destas obras veu vostede a revisar o proxecto. Os proxectos están aí. Teña coidado como acusa. A realidade é outras. Todas estas obras se defenderon previamente cos técnicos os importes e cantidades, ata o último céntimo do diñeiro dos veciños como se fose noso. Esa é a realidade. Que facemos deixamos sen pagar moitos dos contratos, das horas do SAF da Mancomunidade para poder meter isto contablemente. Era moito máis fácil e vostede non estaría agora falando disto. Sigue, o goberno local leva ao pleno un recoñecemento extraxudicial de créditos por máis de 830.000 euros, Betanzos. O pleno de Santiago aproba un crédito de 2,9 millóns de euros para subsanar débedas con Viacua. Recoñecemento en Ribeira de 34 facturas atrasadas por importe de 172.000 euros. O terceiro que tramita ese ano. Verin aproba un recoñecemento extraxudicial de créditos por 3,2 millóns de euros. Informes do consello de Contas cidade da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela. Non é prato de bo gusto atoparse nesta situación, pero moitas desas obras foron pedidas por vostedes neste pleno, polas compañeiras do partido socialista. Necesidades imperiosas que tiñan que acometerse para non agravar máis a situación, incluso para resolver necesidades de mobilidade reducida que tiñan uns veciños coa súa vivenda anegada. Todas foron analizadas polos técnicos e pactados os prezos cos contratistas. En todo momento se traslada á intervención a necesidade de facer esa actuación, eles me advirten, el é o que ten que tomar a decisión. É a primeira vez en dez anos por que nos encontramos que cada vez é máis difícil encaixar os ingresos e gastos para darlle cabida a estas actuacións con modificacións de créditos, estando abocados a este recoñecemento extraxudicial de créditos. Non é a situación que acaba de dicir fai un momento, senon tamén llo hai que trasladar a todos e cada un destes alcaldes de Galicia.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Resolver a discrepancia e levantar o reparo formulado pola Intervención Municipal, continuando a tramitación do expediente.
2. Aprobar o recoñecemento extraxudicial, por un importe total de 339.056,75 euros, supeditado á entrada en vigor da modificación de crédito N° 2025/T002/000013, das facturas que a continuación se detallan:

Nome	Terceiro	Nº de Documento	Fecha Dto.	Texto Explicativo	Importe Total
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	10.007-25	15/10/2025	CUNETA TRANSITABLE DE SEG. EN A FOLGUEIRA A FONTE DAS CORTELLAS (ARDEMIL)	11.367,61
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	10.008-25	15/10/2025	ACONDICIONAMENTO DE SENDA NA PISTA O SEIXO	18.232,28



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	10.009-25	15/10/2025	EXECUCION; ACCESO DENDE FONTE DA IGREXA. BEAN	11.396,34
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	10.010-25	15/10/2025	PAVIMENTACION RUA SACRISTAN FRANCISCO	12.018,91
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	10.011-25	15/10/2025	ACCESO INTERIOR N-550 (ZONA GUINDIBOO CURRO-PEREIRA)	4.962,20
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	10.012-25	15/10/2025	ACCESO INTERIOR EN A POZA (PEREIRA)	3.222,59
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	B70093539	250 194	15/10/2025	MELLORA DE MARXE EN CORUXO	10.287,99
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	B70093539	250 195	15/10/2025	MELLORA DE MARXE EN AMEIXEIRA	14.442,92
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	B70093539	250 196	15/10/2025	MELLORA DE PLUVIAIS EN VILASUSO	14.149,70
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	B70093539	250 197	15/10/2025	MELLORA DAS BEIRARRUAS DE ACCESO AO TANATORIO DENDE O BALADO	39.474,68
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	B15608193	EO25 10005	15/10/2025	PISTA DE CASTENDA-TORDOIA (PARADA). TREITO LÍMITE CONCELLO	15.899,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	B15608193	EO25 10006	15/10/2025	REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN RÚA CARNOTA E OUTRO (REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN RÚA CARNOTA E OUTRO)	34.911,74
GESTAL Y LOPEZ, S.L.	B15464795	Electronicas 24/25	16/10/2025	ACCESO INTERIOR EN A CALLE E OUTRO (SEGÚN MEMORIA 20240724)	35.456,61
CANARGA, S.L.	B15360902	25 000392	17/10/2025	OBRA: MELLORA DO FIRME NA RÚA CANTEIRA (ORDES)	12.065,33
CANARGA, S.L.	B15360902	25 000393	17/10/2025	MELLORA FIRME CRUCE DA RÚA NOVA CON REPUB. ARGENTINA (4.588,21
CANARGA, S.L.	B15360902	25 000394	17/10/2025	ACONDICIONAMENTO DE MARXES NA PISTA A MORGADE (ORDES)	14.829,17
CANARGA, S.L.	B15360902	25 000395	17/10/2025	MELLORA DE FIRME NA RÚA RAMÓN CARRO (ORDES)	5.907,23
CONSTRUCCIONES SIBER ORDES, S.L.	B70437777	1 71	20/10/2025	MURO EN RUA MIRÓN ORDES	6.810,24
FRICUR INSTALACIONES, S.L.	B70275508	F-25- 183	16/10/2025	PAVILLON CASTELAO II / REF.: 0510772-24 / EQUIPO DESHUMCTACIÓN POR CONDENSACIÓN DE CICLO FRIGORÍFICO INDUSTRIAL	31.218,00
CONSTRUCCIONES SIBER ORDES, S.L.	B70437777	1 72	20/10/2025	MELLORA NO POLIDEPORTIVO CASTELAO II ORDES	37.815,75

3. Aprobar, supeditado á entrada en vigor da modificación de crédito sinalada no apartado segundo, a autorización e a disposición do gasto, o recoñecemento das obrigas a cargo do orzamento do exercicio vixente os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións que se sinalan na relación anterior.

8. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (SUPLEMENTO DE CREDITO - CREDITO EXTRAORDINARIO).

Expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito e crédito extraordinario (Expdte. 2025/T002/000013).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/10/2025.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que van manterse como no punto anterior. Creen que hai cousas máis importantes que non subvencionar unhas obras á Mancomunidade. Permutouse un edificio actualizado e ao día por unhas oficinas fora de utilidade. Si isto non é tirar co cartro público non sabe o que é.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta modificación é para financiar tres conceptos. 339.000 euros para as actuacións recollidas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. 20 obras que se executaron mediante contrato verbal, por moito que diga do resto dos concellos, si que se tramitan expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, pero non vexo que haxa moitos nos que se fagan obras así, ti vaite para alí, ti fai e despois xa amañaremos. Que é o que se fixo aquí, obras contratadas verbalmente con fondos públicos, ten narices a cousa. Outros 116.000 euros para financiar a aportación municipal no POS+ Adicional, e outros 200.000 euros para a Mancomunidade de Ordes, co gallo de acometer a reforma do edificio situado en rúa Nova, 41. Dado que a votación é conxunta dos tres créditos, máis do 50% dos 650.000 euros van destinados ao financiamento das obras que o Alcalde contratou deste xeito, sen presuposto e de forma verbal xogando cos fondos públicos de toda a veciñanza de Ordes, como se pensase que son seus, que non ten que someterse a ningún tipo de procedemento regulado na lexislación de contratos do sector público e a ningún tipo de fiscalización da intervención municipal. Dende o BNG van a votar novamente en contra desta modificación. Si a votación fose por cada un dos créditos, poderían apoiar a modificación para financiar a aportación municipal ao POS+ Adicional, máis a aportación á Mancomunidade. Pero teñen claro que non van de ningunha maneira a ser cómplices das irregularidades cometidas polo Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volve a dicirle o que xa lle dixo, carece moito de falar con xente coa que goberna, cos seus propios compañeiros que son alcaldes en concellos onde despois tanto presumen da súa xestión. Non é prato de bo gusto chegar a esta situación. Que veña aquí a facer acusacións, estase equivocando de persoa e de concepto. O interventor fai o seu informe sobre que é a tramitación. Non fi que iso non fose así, pero que se mirou polo diñeiro público e que había remanente líquido de tesourería para poder afrontar isto dunha maneira ou doutra. Si puidera facerse con expedientes de modificación de crédito polo Alcalde o estarían facendo. Cando non hai crédito teñen que recorrer ao que teñen que recorrer, levantar os reparos, como outros moitos que levantan ao longo do ano. Moitas veces hai que facer manobras para cadrar nos conceptos e capítulos todas esas facturas. Non se está a facer ningunha malversación que é case do que se lle está tratando de acusar. Fai o seu discurso político. Si houberan tido outro mecanismo, como foron facendo durante dez anos. Chegaron a unha situación na que as regras fiscais os apretan tanto tanto que lles resulta moi difícil buscar unha solución alternativa a esta. O mesmo que á inmensa maioría dos concellos galegos. É moi triste ter que dicirle aos veciños que tes remanente líquido de tesourería e que non podes facer as actuacións. Houbera sido moito máis fácil a incorporación do remanente de maneira inicial e pagar todas e cada unha destas facturas de maneira ordenada, en tempo e forma. Hai que atender as necesidades urxentes que demandan os veciños, tamén vostedes, pero iso se esquece, nin se acorda. Esta no seu dereito de facer o xogo político que considere, todo o escarnio que queira con isto. A realidade que hoxe traen aquí sucede de maneira continuada en moitos concellos de Galicia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que independentemente de que se malgaste o diñeiro público, inclúese nun único expediente tres cousas e sempre que temos que financiar obras meten algo para a Mancomunidade. Traian cada cousa por separado se non queren que lle digamos a todo que non. Como dixo o BNG a metade do expediente é para financiar obras que non estaban licitadas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é certo que hai obras que lle solicitaron, pero o que non lle solicitaron é contratadas desa maneira, sen contrato, con contrato verbal. O recoñecemento extraxudicial de créditos é un mecanismo que utilizan outros concellos, pero a contratación das obras deste xeito non, é o que lle están reclamando e denunciando neste pleno. É contratar desa maneira, sen ningún tipo de contrato, sen ningún tipo de fiscalización e cun procedemento que non está regulado na lei de contratos do sector público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto que lles acontece tamén pasa en múltiples concellos de Galicia. Isto é a primeira vez que se fai en dez anos. Se nalgún momento teñen unha urxencia terán que ver como resolvela. Vostedes dende aí so criticar, nos desde aquí temos que axudar e resolver. Van a pagar todo con remanente líquido de tesourería, que son fondos que existen no concello. Non están a complicar nin a tesourería, nin a contabilidade municipal. Con este expediente de modificación segue cumprirse a estabilidade. A día de hoxe a incorporación de remanentes non é posible, resulta triste que sexa máis fácil pagar unha débeda que poder facer unha modificación de créditos que facer unha inversión importante, que o goberno central non libere aos concellos que temos fondos para poder facer este tipo de inversións. A día de hoxe despois de moito insistir dende o ministerio seguen bloqueando a todos e cada un dos 8.000 de España.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito – crédito extraordinario, do orzamento municipal 2025, de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición.	Créditos totais antes da modificación	Importe €	Créditos finais
1532.619.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	2.551.024,30	351.104,83	2.902.129,13
160.623.00	Sumidoiros. Maquinaria, instalacións técnicas e apeiros.	106.454,57	34.911,74	141.366,31
342.623.00	Instalacións deportivas. Maquinaria, instalacións técnicas e apeiros.	0,00	31.218,00	31.218,00
342.632.00	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións.	0,00	37.815,75	37.815,75
943.763.00	Transferencias a outras entidades locais. A mancomunidades.	0,00	200.000,00	200.000,00
		2.657.478,87	655.050,32	3.312.529,19



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Orzamento de ingresos				
Aplicación	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Previsións finais
870.00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.358.464,53	655.050,32	2.013.514,85

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

9. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

10. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse, por razóns de urxencia, as mocións que se transcriben a continuación.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-POSE, que presenta a moción seguinte.

“A Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) do CEIP Campomaior de Ordes trasladou a grave situación que atravesamos a comunidade educativa deste centro, derivada da insuficiencia de recursos humanos destinados á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Na actualidade, o centro ten identificados sete nenos e nenas con necesidades de apoio individualizado, distribuídos en diferentes grupos e con perfís de atención diversos. Porén, só dispoñen dunha auxiliar educativa, o que imposibilita garantir unha atención axeitada, continua e adaptada ás necesidades de cada alumno/a.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A esta situación súmase a insuficiencia de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL). O CEIP Campomaioir conta unicamente cunha PT a tempo completo e outra PT procedente do Programa PROA con xornada parcial; así mesmo, dispón dunha AL a tempo completo e outra a tempo parcial. Estes recursos resultan manifestamente insuficientes para cubrir a totalidade das necesidades detectadas, xa que o alumnado require intervencións continuadas ao longo da semana e atención personalizada en diferentes franxas horarias.

Esta carencia de medios non só repercute negativamente na atención e progreso educativo do alumnado, senón que tamén incrementa a carga de traballo e a tensión do profesorado e do persoal de apoio, dificultando o desenvolvemento dun entorno inclusivo, seguro e eficaz para todo o alumnado.

O Concello de Ordes, como administración máis próxima á cidadanía, non pode permanecer alleo a esta problemática e debe actuar como voz institucional ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, solicitando a revisión urxente da dotación de persoal de apoio educativo no CEIP Campomaioir.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a reforzar con carácter urxente o cadro de persoal de apoio educativo no CEIP Campomaioir de Ordes, asignando: o Unha segunda auxiliar educativa a tempo completo. o O incremento das horas de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) necesarias para atender adecuadamente o alumnado con necesidades específicas de apoio.

2. Solicitar á Inspección Educativa que avalíe a situación actual do centro e emita informe sobre a adecuación dos recursos humanos dispoñibles ás necesidades reais do alumnado.

3. Dar traslado desta moción á Consellería de Educación, á Xefatura Territorial de Educación, á dirección do CEIP Campomaioir e á ANPA do centro, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. Manifestar o apoio institucional do Concello de Ordes á comunidade educativa do CEIP Campomaioir e o seu compromiso coa defensa dunha educación pública inclusiva, equitativa e de calidade”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que sinala que agora mesmo o CEIP Campomaioir está notando máis que os demais a falla de persoa. Agora mesmo hai sete nenos coa necesidade dun coidador, aparte das necesidades de PTs e ALs. A Consellería empéñase en contar nenos en lugar de contar casos. Cada discapacidade, cada necesidade é diferente, non podemos dicir temos cinco nenos, non se está a cumprir a ratio. Si



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

un neno ten unha gran dependencia, que fai un coidador con todos os demais. Repercute no profesorado que é o que se ten que facer cargo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que este tema foi tratado no Consello Escolar. Dende o minuto un o concello dixo que apoiaría ante calquera solicitude de recurso que fose necesario para o centro, e así seguen e van a votar a favor esta moción. En relación coa solicitude de que a inspección educativa avalíe a situación actual do centro e emita informe. Púxose en contacto coa inspección educativa, que veu a Ordes, e estiveron reunidos e analizaron cas o por caso durante dúas horas e media o problema que existe en Campomaioir. Hai unha persoa coidadora. O CEIP repartiu os recreos para que non coincidan infantil e primaria. No exercicio da autonomía do centro organizou o traballo desta persoa para atender a sete estudantes con necesidades diferentes. Pero dos sete estudantes que atende, so catro deles teñen o informe do equipo de orientación específica no que figura a necesidade de persoal coidador. Dous teñen o informe do equipo de orientación específica no que non figura a necesidade de persoal coidador e un non ten ese informe. Nada impide que a orientadora indique que a coidadora atenda os sete nenos. Cando so catro teñen necesidade de persoal coidador é moi difícil garantir a segunda coidadora. A inspectora vai a ir ao Centro e falar deste tema. Pide como pediu antes é que se cumpra co establecido, que estea motivada a solicitude do segundo informe. A lexislación é taxativa. Non todos os casos son iguais, pode haber un caso que necesite un coidador. A situación é así. O CEIP Campomaioir ten 28 profesores cando necesita 25. Van a votar a favor, defender o que sexa necesario, os recursos persoais necesarios para o centro. Pero hai que facer as cousas ben, hai que pedilos. Se o equipo de orientación específico non deu o informe positivo hai que volver a pedilo. O dixo o director no Consello Escolar, non o había. Esta de acordo en que se pida. Non vai a dicir que non a ningún recurso. A inspección é competente para determinar os recursos que se necesitan, non vai a por ningunha zancadilla para que se pidan recursos, pero tamén vai facer unha avaliación. Hai que cumprir os requisitos que piden e pedir o segundo coidador, fagamos primeiro o procedemento.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que agradece á Anpa do Ceip Campomaioiro os seus esforzos. Agradece á corporación o voto a favor desta moción. A veciñanza pide altura de miras e que se demanden os recursos necesarios para dar unha educación de calidade. Non queren que sexamos sucursais de partidos políticos e que velemos polos intereses de todos. Esta é unha cuestión que merece unanimidade. Desmárcase do discurso do PP. Apoian ao profesorado que se manifesta, que reivindicar e emprega os medios necesarios para demandar máis recursos para unha educación de calidade. Agradece as explicacións técnicas, non é o que corresponde aquí. Todo ten un trámite. As veces as estatísticas son prexudiciais. Taxar e mirar casos ten o que seu inconvinte e facer pouca avaliación cualitativa. Oxalá se traduza nunha avaliación obxectiva polo persoal técnico, a dotación de recursos que garantan unha atención de calidade e xusta para os nenos deste centro.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que sinala que todos están de acordo en axilizar a dotación destes recursos. Hai que ter en conta que hai veces que os informes non están por que os orientadores non dan con todo o traballo que teñen. Ao non haber PTs e ALs suficientes os nenos non poden evolucionar o suficiente. A ausencia de PTs, ALs e coidadores suficientes repercute que nas aulas os profesores teñan que atender individualmente estes casos de nenos e deixar un pouco de lado ao resto dos alumnados. O Campomaioir está a sufrir un problema acuciante, no resto dos colexios de Ordes tamén hai este problema, no resto da comunidade educativa. A educación é un dos sectores nos que máis recortes está sufrindo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que esa non é a situación dos centros educativos de Ordes, teñen unhas ratios moi baixas e están moi ben dotados. Iso non é certo. Nestes colexios hai moitas horas de persoal de apoio. Este non é o tema. A inspectora contabilizou no Campomaio 171 períodos para apoio. A labor de coidador non é na aula, quen ten que integrar son os mestres.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que sinala que ha nenos que necesitan a labor de coidador na aula.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que para iso está o persoal de apoio. O Concello de Ordes é competente para reivindicar as vosas necesidades, pero non ten ningún tipo de competencia en materia de educación. Traslada o que lle informa a persoa competente. Van a defender a solicitude da segunda coidadora. Non vai a poder ningún inconvinte. Pero despois non recriminen os informes competentes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a reforzar con carácter urxente o cadro de persoal de apoio educativo no CEIP Campomaio de Ordes, asignando: o Unha segunda auxiliar educativa a tempo completo. o O incremento das horas de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) necesarias para atender adecuadamente o alumnado con necesidades específicas de apoio.
2. Solicitar á Inspección Educativa que avalíe a situación actual do centro e emita informe sobre a adecuación dos recursos humanos dispoñibles ás necesidades reais do alumnado.
3. Dar traslado desta moción á Consellería de Educación, á Xefatura Territorial de Educación, á dirección do CEIP Campomaio e á ANPA do centro, para o seu coñecemento e efectos oportunos.
4. Manifestar o apoio institucional do Concello de Ordes á comunidade educativa do CEIP Campomaio e o seu compromiso coa defensa dunha educación pública inclusiva, equitativa e de calidade.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta a moción seguinte.

“O Concello de Ordes leva décadas padecendo o abandono sistemático da Xunta de Galicia no que respecta á atención das persoas maiores. A ausencia de investimentos e de planificación en servizos públicos esenciais evidencia un desprezo absoluto por unha parte da poboación especialmente vulnerable: os nosos maiores, que sostiveron este país co seu traballo e esforzo, e que agora non reciben nin o respecto nin os coidados que merecen.

Neste contexto, a Deputación da Coruña deu un paso adiante asumindo, voluntariamente e sen ser da súa competencia directa, o compromiso de financiar unha nova residencia para persoas maiores en Ordes. Non se trata dunha infraestrutura calquera: estamos a falar dun proxecto pioneiro, baseado no modelo europeo de coidados, que aposta por espazos amplos, apartamentos individuais, zonas verdes, áreas de lecer e cultura, e un enfoque integral centrado na dignidade, autonomía e calidade de vida das persoas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A Deputación está a facer o que debería facer a Xunta. E, incomprensiblemente, o Goberno municipal de Ordes decide rexeitar esta oportunidade histórica e opta por unha ampliación da residencia actual, mantendo un modelo asistencial caduco, baseado en habitacións compartidas, sen espazos verdes, sen zonas de ocio, e sen unha visión moderna dos coidados. En definitiva, renúnciase a un modelo avanzado para perpetuar a precariedade e a resignación.

Resulta inaceptable que nun momento no que se nos brinda a posibilidade de construír un recurso de vangarda, sen custe para as arcas municipais, adaptado aos estándares máis altos de calidade e respecto, se opte por unha solución de mínimos, improvisada e sen visión de futuro. Esta decisión non só demostra unha falta de ambición, senón tamén unha preocupante desconexión coas necesidades reais da veciñanza.

Desde o grupo municipal socialista esiximos que se reoriente esta decisión. Os terreos adquiridos ao lado da residencia actual poden ser aproveitados como espazo verde e zona de lecer, pero a nova residencia debe construírse noutro emprazamento que permita levar adiante o proxecto tal e como foi trasladado pola Deputación da Coruña. Renunciar a este modelo é condenar ás persoas maiores de Ordes a vivir nunha residencia do pasado, cando temos ao noso alcance construír unha do futuro.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o Concello de Ordes reitere o seu compromiso coa construción dunha nova residencia de maiores baseada no modelo europeo promovido pola Deputación da Coruña, aproveitando a súa dispoñibilidade para financiar o proxecto.
2. Que os terreos recentemente adquiridos xunto á residencia actual se destinen á creación dun espazo verde e de lecer ao aire libre, que permita mellorar as condicións de vida das persoas usuarias da actual infraestrutura.
3. Que o Concello inicie as xestións necesarias para a adquisición ou disposición de novos terreos adecuados para a construción da nova residencia segundo o modelo proposto pola Deputación.
4. Dar traslado deste acordo á Deputación da Coruña, á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, e aos medios de comunicación locais e comarcais”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que explica o voto en contra da urxencia da moción presentada polo grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que ten un absoluto descoñecemento dos recursos que a Xunta de Galicia destina aos maiores de Ordes. Mínimo so no que é cuantificable mais de un millón de euros ao ano. Deixe de utilizar expresións como desprezo absoluto, son moi ofensivas e dificilmente cribles para quen as di. Cuarto párrafo, sen custe para as arcas municipais, depende de que concello, para as Pontes seguro que ningún. A Ordes vaille a custar, xa no lo avisaron. Basta xa de titulares de propaganda, llo pide de favor. O goberno municipal non xoga coa ilusión das persoas maiores. Vostedes tampouco deberían. Xestiona con responsabilidade. Prometen unha residencia nova pioneira e non teñen nin proxecto técnico, nin prazos, e non teñen como garantir a súa xestión. Isto non é futuro, é fume político. A Deputación leva máis de tres anos enredando con anuncios



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

e promesas que nunca se materializan. Ordes necesita feitos, nada do que vostedes din, non maquetas. No ano 2022 estaba presente coa deputada Ana Lamas, técnicos e xente do gabinete de Presidencia cando viñeron a ver a residencia e constatar que a mellor opción era precisamente a ampliación. En agosto de 2025 chamaron para que por favor conseguíramos axilizar a conformidade da Xunta para iniciar os trámites de redacción de proxectos para a construción dos tres centros, eles non teñen competencia.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que vai a pedir unha quenda de palabra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o grupo de goberno de acordo ao regulamento ten dereito a xustificar a negativa á urxencia.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que a finais de marzo de 2023 anunciaron a bombo e platillo a construción de mini residencias nas comarcas rurais, estábamos en precampaña. En decembro de 2023 asínase un convenio para facer o proxecto da residencia de maiores. Vostedes votaron en contra. Non coñecían o proxecto. Nunca máis se soubo nada dende entón. En setembro de 2025 presentaron as casas de acompañamento de maiores. Este goberno mercou os terreos aos veciños cun fin a ampliación e acondicionamento exterior da residencia. Os veciños venderon con esta finalidade. Somos de palabra, non andamos mudando de opinión ou improvisando. Falaron con nos en canto a como desenvolver arquitectonicamente o proxecto. Teñen datos para cualificar o noso modelo asistencial como caduco. Non teñen nin idea do que vai a facerse. Apostan por ampliar unha residencia con máis prazas, mellores condicións para usuarios e traballadores, con unidades convivenciais, con apartamentos individuais, zonas de espazos de lecer. Con todo iso que vostedes dixeron. Ampliar non é conformarse, mellorar coa cabeza, aproveitar o que xa funciona e mantendo persoal, servizos e calidade de atención. A Deputación pode colaborar, están agradecidos desta colaboración, pero non vai a impor un proxecto alleo á realidade local. O goberno de Ordes decide o que é mellor para a veciñanza. Poden aportar. As persoas maiores merecen resultados, non titulares. É o que se consegue ampliando e transformando o que xa temos. Ampliar e avanzar.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O Pleno municipal é o órgano de máxima representación política da cidadanía no ámbito local, e as súas sesións teñen carácter público, conforme ao disposto no artigo 70.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 88.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Nos últimos tempos, a gravación e difusión en directo das sesións plenarias converteuse nunha práctica habitual en moitos concellos, en cumprimento dos principios de transparencia, rendición de contas e participación cidadá, facilitando que a veciñanza poida coñecer de primeira man os debates e acordos que se adoptan en nome do interese público.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional vén recoñecendo o dereito a gravar as sesións plenarias tanto por parte dos cidadáns como dos grupos políticos municipais, considerándoo unha manifestación do dereito fundamental á información (art. 20 da Constitución Española) e á participación política (art. 23 da Constitución Española).

A gravación e difusión das sesións non supón un custo económico significativo para a administración, podendo realizarse con medios técnicos básicos e mesmo a través das canles oficiais do Concello (YouTube, redes sociais, páxina web, etc.). Pola contra, a súa ausencia limita o acceso á información pública e reduce a transparencia da xestión municipal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ordes entende que é necesario institucionalizar e garantir a gravación e difusión pública das sesións plenarias ordinarias e extraordinarias.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde:

1. Proceder á gravación audiovisual de todas as sesións plenarias, ordinarias e extraordinarias, que se celebren na Casa do Concello.
2. Garantir a difusión pública destas gravacións a través dos medios oficiais do Concello (páxina web, canle de YouTube e redes sociais institucionais), co obxectivo de facilitar o acceso á información á veciñanza.
3. Establecer un protocolo de gravación e publicación, que asegure o respecto á normativa vixente en materia de protección de datos e dereitos de imaxe, sen restrinxir o carácter público das sesións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a día de hoxe non existe ningunha norma que imponha a grabación audiovisual das sesións do pleno. O concello de Ordes xa cumpre cos principios de transparencia, rendición de contas e participación cidadá por canto a través da emisora municipal se garante a difusión pública en tempo real de todas as sesións que celebra o pleno do concello e despois se colgan na web. Xa fai moitos anos que se ven facendo, incluso antes de formar eles partes desta corporación. Para facilitar aínda máis esa difusión pública dende o día de hoxe pódese acceder a través da web municipal, non so a través da emisora municipal, pinchando no banner creado ao efecto, co que está garantido que calquera persoa dende calquera lugar pode acceder en tempo real ao seguimento das sesións plenarias. En ningún caso se opoñen ao plantexamento que traen aquí. Pediulle ao informático que se poña a traballar para ver cal é o procedemento, os custos que supón, a adaptación normativa. Verán se ao longo do ano que ven o poden por en práctica. Non se compromete a un prazo.

- A veciñanza de Buscás manifestou a súas queixas polo estado da estrada en Trabes (Buscás) ao seu paso pola Ponte.

Tal e como se pode apreciar nas imaxes, hai múltiples fochanchas que se ben xa constitúen un risco por si mesmas, este aumenta en época de choivas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Ademais, existen zonas nas que a auga se acumula pola falta de evacuación, ocasionando risco de “aquaplaning”.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se solucione a situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa o comentaron na anterior sesión. É unha actuación que xa está valorada, a que queda dende Vilariño ata a rotonda como continuidade da senda xa existente. Valorada pola asistencia en 355.000 euros. Fai unha charca onde está a balsa de formigón pegada a varanda, intentarase ver se se pode facer algún tipo de adecuación agora que se van a facer as actuacións do POS+ na parroquia de Buscás.

- A preocupación pola seguridade cidadá leva tempo instalada entre a veciñanza de Ordes. Desde hai anos, distintos colectivos sociais, asociacións veciñais e persoas a título individual veñen manifestando o seu malestar pola presenza de episodios de violencia, condutas incívicas e situacións que comprometen a tranquilidade nas rúas do municipio.

Esta inqueda foi trasladada en numerosas ocasións aos representantes municipais, reclamando unha maior presenza policial, unha mellor coordinación entre os corpos de seguridade e actuacións preventivas máis eficaces.

Nos últimos días rexistrouse o apuñalamento dunha persoa na vía pública. Debemos ter en conta tamén outros episodios pasados de especial gravidade, como o asasinato dunha persoa por “axustes de contas” ou a recente incautación de drogas e armas no termo municipal.

Estes feitos veñen de incrementar a alarma social e a inquietude da cidadanía, que demanda respostas institucionais claras, eficaces e coordinadas.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os concellos teñen competencias en materia de seguridade cidadá e orde pública, así como a obriga de colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na prevención da delincuencia e na protección das persoas e bens.

A Xunta Local de Seguridade, como órgano de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a administración local, está prevista na Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e na súa normativa de desenvolvemento, sendo o instrumento adecuado para analizar a situación, coordinar actuacións e adoptar medidas preventivas no ámbito municipal.

Por todo o exposto, solicítase:

Que se convoque con carácter urxente a Xunta Local de Seguridade de Ordes, coa participación dos tres grupos políticos con representación no Pleno para iniciar un plan de acción conxunto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o noventa e tantos por cento do que figura no rogo xa se está a facer polas forzas e corpos de seguridade do estado presentes neste termo municipal. Trasladou o rogo ao xefe da policía local que indica: no que atinxe á situación de seguridade á que fan referencia advírtese que a mesma en termos policiais non resulta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

constatable, toda vez que dos datos de criminalidade obrantes no aplicativo policial de xestión obxectivamente tratados significan un descenso non resultando operante a tenor dos feitos illados advertir tal situación. Signifícase a colaboración da policía local e garda civil en Ordes, é completa, dinámica e activa, levándose a cabo dispositivos policiais continuos que se conclúen con resultados eficaces os cales foron xa trasladados. A Xunta Local de Seguridade segundo as indicacións que eles lle dan débese convocar unha vez que finalice o exercicio. Farase a comezos do ano 2026 conforme á normativa vixente.

- No pasado pleno, o grupo de goberno do Partido Popular negouse a atender unha petición formulada polo Grupo Municipal do PSdeG, consistente na elaboración dunha ordenanza municipal que regulase o uso do galego na administración local. A resposta ofrecida foi que "todo o persoal se comunica en galego", argumento que, alén de ser pouco rigoroso, resulta completamente falso.

A realidade é teimuda, e queda en evidencia a través dos exemplos que se achegan xunto con este rogo: documentos, comunicacións e actuacións da propia administración municipal nas que se constata o uso sistemático do castelán, en detrimento do galego, a pesar de ser esta a lingua propia de Galicia e recoñecida como tal polo Estatuto de Autonomía e pola Lei de Normalización Lingüística.

É inaceptable que un goberno local se escude en xeneralizacións sen fundamento para evitar a súa responsabilidade legal e moral de promover activamente o uso do galego no ámbito institucional. A pasividade ou, peor aínda, a negativa a actuar neste eido é unha mostra clara de desinterese pola nosa lingua e cultura, e unha falta de respecto cara á veciñanza que agarda dunha administración pública un compromiso inequívoco coa normalización lingüística.

Por todo isto, rogamos ao grupo de goberno que reconsidere a súa postura e inicie, sen máis demoras, a elaboración dunha ordenanza municipal que regule e promova o uso do galego no noso Concello, co obxectivo de garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía e contribuír, desde o ámbito local, á preservación e dignificación do noso idioma.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que do mesmo xeito que no rogo se cualifica a resposta do goberno municipal sobre o uso do galego como pouco rigorosa e completamente falsa, tamén o é que se diga que se constata un uso sistemático do castelán en detrimento do galego. Na tramitación administrativa o uso predominante é o da lingua galega, o que non quita que determinados documentos se realicen en castelán. Todos os informes da policía local, en tanto que o programa Apolo que utilizan que se está a actualizar para que recoñeza os idiomas oficiais de España, so recoñece o castelán, non poden empregar o galego por que lles da erro. O art. 6 da Lei de normalización lingüística sinala que as actuacións administrativas en Galicia son válidas e producen efectos calquera sexa o idioma que se utiliza, galego ou castelán. Aquí maioritariamente emprégase o galego. Un 95-96% emprégase o galego, sempre. O art. 6.3 da Lei de normalización lingüística tamén sinala que os poderes públicos promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns. O concello nas súas relacións administrativas sempre usa o galego como lingua habitual. Non lle poña a excepción como algo normal. Para garantir ese uso normal dende a alcaldía remitirase unha circular a todo o persoal municipal solicitando que todas as actuacións e documentación municipal administrativa se realice de maneira ordinaria en galego, salvo que causa xustificada requira o emprego da lingua castelán. Procederáse a adaptación ao galego os formularios administrativos que están en castelán.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No lugar da Albariña, na parroquia de Montaos, existe unha problemática relacionada co tráfico pesado. O problema resúmese en que vehículos de grandes dimensións e furgóns do reparto para dirixírense a Pereira, pasan pola Albariña, e cando se deben dirixir pola pista que ata alí conduce, ao ser tan estreita e estar en tan mal estado, non cren que sexa por aí. Como consecuencia, proban sorte polas outras 2 alternativas, mais unha non ten saída e a outra non dirixe a Pereira, chegando a quedar estancados e tendo que saír marcha atrás. Cónstanos que polo menos nunha ocasión se arrincaron por accidente cables de telefonía.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se sinalice a pista que vai cara Pereira co fin de evitar confusións.

A que se amañe dita pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas obras para levar o servizo de abastecemento e saneamento ao Canedo desde Mesón do Vento, existe un tramo de 175 m en solo de núcleo rural, que queda sen acceso ao servizo de saneamento, afectando ata a 4 parcelas (incluso poderían ser 5, dado que unha conta con superficie para segregarse en dúas).

Desde o BNG, entendemos que se trata dunha eiva que debe ser emendada, dispoñendo as tubaxes precisas en dita marxe da estrada, para deixar acceso ao servizo en ditas parcelas, velando deste xeito polo cumprimento dun principio básico, como é o de igualdade de trato e non discriminación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Levar a cabo as actuacións precisas para estender o servizo de saneamento ás citadas parcelas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esas parcelas unha vez executado o proxecto como estaba previsto cumprían a normativa vixente e terían dereito a conectarse á rede pública, tería un custe adicional de ter que facer un topo, cumpre coa normativa vixente, esta na outra marxe da estrada, é viable. A este proxecto detectáronse varias eivas dende que foi redactado, aprobado e se iniciou a súa contratación e execución. Hai un informe do técnico redactor de modificacións que xa foi remitido a Augas de Galicia. No que se inclúe a posibilidade de que ese topo quede xa executado e o día de mañá non teñan que pagalo os propietarios. Hai outras modificacións en trámite. Hai outras parcelas cun problema similar.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que sería máis económico para os veciños facer esa parte que vai con dirección cara a Coruña, alí da o desnivel.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que co que está executado non. Non van a levantar o demais. Teñen que facer unha solución técnica. O que está executado non procede levantarse cando hai unha solución distinta. Todos e cada un deses solares están obrigados a bombear. Todas as actuacións precisas xa están feitas. A solución a teñen que propor os técnicos. O que din é que facer agora a rede polo outro lado non é viable, propoñen unha solución alternativa. Se o proxecto non o permite cumpre perfectamente coa lexislación vixente.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que se deixe 200 ou 300 m sen a posibilidade de enganchar ou enganchar un pouco máis caro. Estes veciños terán dereito como os outros.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que a solicitude está feita. O proxecto da ata onde da. A solución que dan os técnicos é distinta a que vostede propón. Non se di que vaian a quedar sen servizo. Van mirar de deixar o topo e os pozos feitos enfronte. Van a intentar deixarllo feito. Se tecnicamente ou dentro do proxecto non se pode executar eses veciños teñen igualmente a posibilidade de conectarse enfronte. Espera non chegar a esa solución. Pola marxe esquerda cara a Coruña xa lles dixeron que non pode ser. Non lle da a cota. É o que lle trasladaron. O concello de Ordes non dirixe nin fai a obra.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que o concello de Ordes sempre lle vota a culpa aos demais Xunta, Deputación, ten aí unha responsabilidade. Tiña que ter revisado o proxecto cando llo presentou Augas de Galicia, falar cos veciños para non ter os problemas que ten agora. Non o fixeron, é responsabilidade súa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cando se fixo o proxecto esa zona non era edificable. Non sabe do que está a falar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- En diversas ocasións, temos trasladado desde o BNG neste pleno, a nosa preocupación sobre as dificultades da veciñanza para conseguir unha consulta médica no centro de saúde de Ordes.

Se nos anos 2020 e 2021, denunciabamos que existían pacientes que nos meses de xullo e agosto tiñan dificultades para obter citas de atención primaria antes de 15 días debido a que non se cubrían as baixas ou vacacións do persoal, en outubro de 2025 resulta que dita agarda para obter cita é aínda maior, o que demostra a existencia dun claro empeoramento do servizo.

Desde o BNG sabemos que o persoal sanitario fai todo o que pode cos medios dos que dispón, mais queda claro que no centro de saúde de Ordes, resulta precisa de maneira urxente unha maior dotación de persoal e unha mellora na xestión, liberando aos médicos na medida do posible de trámites burocráticos, para que se dediquen fundamentalmente á atención dos/-as pacientes.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Demandar á Consellería de Sanidade, a levar a cabo as actuacións precisas para reducir as listas de agarda no centro de saúde de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal que sinala que xa se fixo esta demanda, incorpórase un novo facultativo agora en novembro. Verán se se axilizan así as citas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide estar vixiantes.

- pasado 11 de agosto, poucos días antes da celebración das festas, partiu un polón dunha das árbores existentes na alameda de Ordes. Afortunadamente, non houbo que lamentar danos persoais, pero se a situación chega a demorarse uns poucos días mais, posiblemente tivésemos que lamentar outro tipo de escenarios nada desexables.

Desde o BNG, en febreiro do ano 2020, defendemos unha moción para recuperar o ciclo de auga na contorna da alameda, mellorando a permeabilidade do terreo e a transpiración nas raíces da árbores, retirando o pavimento ao seu pé e dando paso a unha franxa axardinada, proposta que foi rexeitada polo alcalde e a súa equipa de goberno.

Outra causa das enfermidades que padecen as árbores da alameda, posiblemente poidamos atopala nas podas fora de temporada que se seguen a efectuar sobre as mesmas.

Por outra banda, consideramos que existen árbores que se atopan nun moi avanzado estado de enfermidade, presentando zonas podres que propician o risco de que se repita o acontecido no mes de agosto do presente ano.

Cabe lembrar que o goberno municipal, tal e como denunciámos desde o BNG no mes de marzo deste ano 2025, perdeu unha gran oportunidade de substituír as árbores que presentaban un mal estado de saúde na alameda de Ordes, ao non aproveitar as obras sobre o campo da festa de Buscás, para replantar os plataneiros alí existentes na alameda de Ordes, na vez de proceder á súa completa corta e destrución, como finalmente se fixo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Proceder coa retirada e substitución das árbores da alameda que presenten síntomas de podremia.

Actuar na contorna da alameda de Ordes para retirar o pavimento ao pé das árbores e axardinar a zona.

Actuar para retirar o tendido eléctrico e as caixas dispostas nas árbores da alameda, soterrando o mesmo e habilitando un monólito onde poder efectuar as conexións precisas.

Modificar o procedemento de poda das árbores, levando a cabo as tarefas entre finais de inverno e comezos da primavera.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volve a indicarlle que os plataneiros de Buscás non servían nin por porte, nin por garantía de arraigo. Estes días os novos técnicos que están a facer os traballos llo ratificaron aínda máis. Hai uns árbores que estaban enfermos fai anos, intentáronse diferentes actuacións con diferentes tratamentos e non deron resultado, a ver cal é o recorrido. Para as festas veu unha enxeñeira, indicou as ramas que vía preocupantes despois dunha análise visual de todos e cada unha das árbores. Xa se fixeron unhas actuacións de maneira inmediata o día antes de comezar as festas. Veu unha empresa especializada que ditaminou como esta todo isto. Antonte cortaron os catro árbores que indicaron que non eran recuperables e que podían supoñer un risco para o lugar. Fíxose a poda. O segundo punto, o que propón está moi ben se se fai unha plantación nova, ningún



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

técnico aconsella a día de hoxe sacarlle a pedra que ten arredor as prantas. Sería totalmente contraproducente agora mesmo para todas e cada unha desas prantas se se pretende un mínimo de recuperación facer agora mesmo o que pretenden. Cunha prantación nova si. Se estes árbores levan máis de trinta anos con ese empedrado non pode ser, está entaboadado con esa situación encima, se se elimina xerese máis conflito e perda de seguridade en caso de ventos. Xa se retirou parte do tendido eléctrico. Están os técnicos vendo as alternativas para pasar o tendido, intentar o levantamento de baldosas. Está pedida á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia autorización para facer accesible ao bus en ambas marxes. Na primavera que ven quedará resolto. A poda de árbores van a poñerse nas súas mans, queren facer un traballo como mínimo a cinco anos, con revisión todos os anos. Están a ver as árbores dispoñibles.

- Lamentablemente, nos últimos anos intensificáronse as novas nos medios de comunicación relacionadas co narcotráfico no noso concello.

Aínda que ben é certo que nos medios de comunicación, as novas sobre o narcotráfico adoitan referirse ao desmantelamento ou detención de persoas relacionadas co mesmo, non podemos esquecer que estas novas agochan a existencia dunha preocupante ameaza nas rúas da nosa vila.

Desde o BNG, entendemos que a mellor forma de combater esta nefasta realidade, é promovendo e colaborando cos centros educativos do noso concello, no deseño e na posta en marcha de campañas informativas e de concienciación sobre os perigos da drogadicción.

Por outra banda, poderíase valorar a necesidade actuar naquelas zonas nas que se sospeita que se acostuma a producir a venta polo miúdo de narcóticos, intensificando a vixilancia, incrementando o nivel de iluminación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Promover e colaborar cos centros educativos do noso concello (colexios e institutos), no deseño e na posta en marcha de campañas informativas para o alumnado, sobre os perigos da drogadicción.

Cubrir as dúas prazas vacantes na RPT do concello de Ordes de policía local e intensificar, en colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade, a vixilancia sobre os puntos onde se sospeita que se acostuma a producir a venta polo miúdo de narcóticos.

Reunirse co subdelegado do goberno en Galiza, co gallo de expoñer a necesidade de incrementar os efectivos activos durante as noites no posto da Garda Civil de Ordes, dada a elevada extensión de terreo que deben cubrir.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que teñen na Mancomunidade unha técnico de drogas e condutas aditivas que ofrece anualmente a todos os CEIPs e IESs da comarca charlas e xornadas sobre prevención de riscos de condutas aditivas, promoción de hábitos saudables, habilidades sociais. Incide máis en drogadicción nos IESs. A través de plans director de adicións tamén o hai.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cubrir as prazas non é tan sinxelo, sabe que hai a taxa de reposición, hai que adaptarse ás normas. Están os técnicos vendo como no hai Lei de orzamentos xerais do Estado ver como se interpreta a vixencia da taxa de reposición de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

efectivos. A policía local ven de propor unha nova estrutura para o corpo unha vez que se xubila nos próximos días o actual oficial xefe, que será obxecto dunha modificación da relación de postos de traballo, previa negociación colectiva. Coa Subdelegación do goberno comunicación moita, coa Delegación do Goberno en ocasións. Todas estas cuestións xa foron abordadas a maior nivel co Ministerio de cara ao reforzo dos efectivos e das quendas de noite. A día de hoxe como cabeceira de comarca que somos a defensa que estamos a facer dende o comezo deste mandato é que pasemos a ser oficina principal o que supón ter máis postos estruturais de mando e máis axentes e efectivos en Ordes. As comunicacións existen, son reiteradas en cada cuestión de necesidade. Non se resolve cunha reunión.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que agradece a sinceridade. A taxa de reposición de efectivos está vinculada á aprobación dos orzamentos xerais do estado, refírese a esa anualidade en concreto. Están os orzamentos prorrogados, hai moitos concellos que están aproveitando a situación para dotarse de todo o persoal que estes anos estaba limitado. Aquí deberíamos facer o mesmo, temos unha carencia clara de persoal. Agradecer o esforzo do persoal para sacar todo o traballo. Deberíamos aproveitar esta situación para a selección do persoal que sexa preciso. Neste rogo piden cubrir as vacantes da policía local na rpt, pero que fan extensiva a todo o persoal que fai falta. É unha petición que lle fan in voce. En canto as campañas pide intensificar os folletos, charlas coa xuventude, estamos tendo un problema, máis vale previr e actuar canto antes e intentar cortalo de raíz.

- A finais da semana pasada, a veciñanza de Ordes atopouse novamente cunha situación que adoita a producirse coa chegada da época de choivas, padecendo a chegada de auga avolta polas billas das súas casas e ou negocios. Auga que se emprega para cocíñar, lavar enxoval ou roupa, asearse, duchar ás crianzas..., auga pola cal estamos a pagar unha taxa, e que resulta esixible que chegue en axeitadas condicións. Este problema, que en Ordes semella que temos que tomar coma normal, non está a acontecer noutros núcleos de poboación da contorna, nos que por certo, tamén chove. Malia que fai un ano, o 16 de outubro de 2024, foi publicada na páxina da Xunta de Galiza que se abordara nunha reunión o proxecto municipal para reformar a estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Ordes, indicando que o persoal de Augas de Galicia estaba a realizar a revisión das últimas correccións requiridas, o certo é que de momento, non temos constancia de datas concretas para executar estas reformas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Demandar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a:

Reservar dotación orzamentaria para a reforma da ETAP de Ordes, valorada en 1,45 millóns de euros.

Axilizar os prazos e trámites precisos para o comezo das obras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é certo que hai problemas de turbidez que se dan no casco urbano, tamén nos finais de liña nalgunha parroquia. Estes problemas son maioritarios nos finais de liña, fanse accesos nos puntos onde están as bocas de rego que provoca un movemento importante de caudal na tubaxe e xérase a turbidez. É unha cuestión puntual en diferentes puntos da vila. Piden que cando se dea unha situación destas que se chame o antes posible ao servizo de avarías. Toda a auga que sae que traslada bruta aos depósitos de Merelle e que sae á rede é apta para o consumo. Se se lle alerta dun problema do que non son conscientes o poden corrixir de maneira inmediata. Xa lle gustaría poder formalizar o convenio da ETAP de Buscás, hai que ser de palabra, os 313 concellos están a demandar proxectos de Augas de Galicia. Cando un convenio está vixente non se firma outro



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

con ese concello, nos temos a día de hoxe un vixente con finalización en 2026. Comprometeu a súa palabra de non pedir outro ata a súa finalización.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- En relación ao programa de subvencións da Deputación da Coruña, dirixido a financiar o gasto de persoal das oficinas sde turismo durante o exercicio 2026 (BOP da Coruña do 14 de outubro de 2025, número 196):

¿Presentou o Concello de Ordes solicitude para participar en dito programa?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta subvención é para a contratación de persoal técnico de turismo. No concello de Ordes as funcións de turismo son desempeñadas polo técnico de cultura, turismo e xestión de arquivos. O concello solicita anualmente á Deputación a subvención para a contratación de persoal técnico para o servizo de cultura. Non é posible financiar este persoal técnico con dúas subvencións. Así o indican as bases de cada programa. Non é posible a súa solicitude.

- Tras varias queixas da veciñanza, en relación á negación de usos dos locais sociais:

¿Que normativa ou criterios se seguen para ceder o uso de locais sociais á veciñanza?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o caso concreto cando queira veña por alí e o analizan cos técnicos. Os locais sociais municipais son bens de dominio público, servizo publico. A súa utilización polos veciños ou calquera outra persoa, previa autorización municipal, incluso unha cesión de uso por un determinado tempo de ven as Xuntas de Goberno Local, esta suxeita a que a actividade para realizar sexa de interese xeral para todos os veciños de Ordes e con carácter gratuito. Non se cumpre este requisito cando se trata de utilización para un fin exclusivamente privado. O concello podería aprobar unha ordenanza de utilización dos locais sociais municipais para actividades privadas, previo pago da taxa correspondente. Se ben ao mesmo tempo estaría a facer unha competencia desleal aos establecementos privados nos que se prestan estes servizos, que non constitúen o fin principal da actuación municipal que é a prestación de servizos públicos de interese xeral para todos os veciños de Ordes. De maneira xeral este é o criterio.

- En relación ao proxecto e execución dun heliporto nas inmediacións do centro de saúde de Ordes:

¿Tense algunha novidade ao respecto?.

¿Existe algunha previsión temporal sobre o seu proxecto e execución?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi unha das cuestións que foi rexeitada na aprobación provisional do PXOM de cara a aprobación definitiva por non cumprir determinadas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

condicións. Foi retirado o S02 e ese heliporto. A día de hoxe as posibilidades que hai de adecuación á normativa co espazo que hai nas proximidades do Centro de Saúde o fan bastante complexo de executar. O xefe do Centro de Saúde ten o seu proxecto interiorizado e en todas e cada unha das reunións llo recorda ao Sergas para que valoren esa opción. Dentro do ámbito o PXOM o tivo que desestimar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno ordinario de maio do ano 2024, desde o BNG formulamos unha pregunta sobre as causas das reiteradas interrupcións no servizo de iluminación das rúas Ramón Carro e Rosalía de Castro, e sobre que actuacións tiña pensado levar a cabo o goberno municipal para evitar que se repetisen.

A resposta foi que só se tiña constancia dunha interrupción do servizo os días 13, 14 e 15 de maio de 2024, que o anterior aviso fora do 18 de agosto do ano 2022.

Indicouse ademais como causa, que saltara o térmico, podendo acontecer por calquera cuestión.

Mais dun ano despois, o problema segue acontecendo, quedando demostrado que se trata dun problema frecuente e reiterado na zona.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Por qué motivos non se actuou aínda para solucionar o problema, cando foi trasladado polo grupo municipal do BNG fai mais dun ano, no pleno ordinario do mes de maio de 2024?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se pode dicir que non se actuou na zona cando ese corte é unha, dúas ou tres veces de 365 días do ano. Si se actuou, en todas e cada unha das cuestións que lle traslada cada veciño, que se observa de maneira directa ou se traslada neste pleno, en todos e cada un dos casos se lle da traslado á empresa. Naquel caso xa se dixo que saltaba o térmico, que había sospeitas de donde viñan os problemas. Que podían ter un problema con dar o servizo de trifásica e dalo con monofásica. Houbo incidencias noutras rúas municipais. Hai incidencias a todo o longo do ano. Neste caso o que se fixo foi o cambio do tipo de sensor, dende ese día non volveu a fallar. Puxeron un menos sensible. Non van poder controlar que se dea unha incidencia por unha causa distinta. A empresa está tratando de responder segundo o contrato nun prazo inferior ás 48 horas.

- No pleno ordinario de setembro do ano 2024, desde o BNG formulamos unha serie de preguntas sobre o Consello Escolar Municipal.

Das respostas recibidas, conclúese que a última xuntanza ordinaria do CEM foi no ano 2019, que os distintos grupos representados no CEM non comunicaran os seus representantes pese as solicitudes e que non se insistira mais por non haber asuntos de interese xeral a tratar.

Nos últimos días, a ANPA do colexio Campomaio presentou un escrito á xefatura territorial de Educación, para reclamar un segundo auxiliar educativo, posto que dispoñen unicamente dun auxiliar no centro para atender as necesidades de sete



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

alumnos/as que precisan apoio individualizado, o que incumpre os cocientes ("ratios") fixados, de como mínimo 1 por cada 5 alumnos/as.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Segue a considerar que non existen asuntos de interese xeral a tratar como para seguir deixando o Consello Escolar Municipal sen funcionamento?.

¿Ten pensado o goberno municipal demandar ou presionar dalgún xeito á Consellería de Educación para dotar ao colexio Campomaior do persoal auxiliar educativo que precisa e que lle corresponde segundo os cocientes establecidos?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se empezou a tratar o tema sen necesidade de convocar ao Consello Escolar Municipal, sobre todo por que as súas decisións tampouco son vinculantes. Hai que empezar a traballar dende o minuto un. O persoal coidador non o sinala a Consellería de Educación, non depende desta. Estamos na mesma situación. Pediu ao Secretario despois do Pleno que volvese a enviar a documentación, os sindicatos teñen que mandar os representantes, os centros educativos teñen que facer as eleccións. Non é tan fácil.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias